



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE FEBREIRO DE 2014

LICENZAS

LEGALIZACIÓNS

LIC/2022/2011.- SONIA MARIA NAVEIRA PIÑEIRO.- Denegar licenza para legalización e planos finais de obra de construción en Lg. Barciela, Cesar.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1573/2013.- HERMINIO RECAREY ESPASANDIN..... LIC/300/2001 ... 135.000 pts. (811,37 €).

LIC/78/2014.- MANUEL CORZON FAJIN Expte.Obras nº 1099/1989 ...4.733,26 €.

LIC/94/2014.- URBAN MAHIA, S.L.LIC/336/2008 30.000,00 €.

PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE RENOVACIÓN DE CARPINTEIRÍAS E LIMPEZA DA FACHADA SUR DO PAZO DE RAXOI.

4 a 77.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles.

Concédense os devanditos beneficios.

78.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa a rectificación de acordo adoptado na sesión de data 26.12.2013 referente á concesión de bonificación no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.

Rectifícase o acordo.

79.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense as exencións.

80.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de bonificación correspondente a inmobles de natureza urbana ubicados en zonas que correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias e que carecen de servizos básicos.

Apróbase a proposta.

82.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á concreción de trámites para a formalización da transmisión gratuita á Xunta de parcela en Santa Marta para a nova Escola Oficial de Idiomas.

Logo de ver o informe pola Sección de Patrimonio, e a proposta da concelleira de Urbanismo a XGL aprobou fixar un prazo de 18 meses dende a formalización da cesión da parcela para que se inicien as obras para a nova Escola Oficial de Idiomas, previa autorización e obtención das licenzas necesarias e que deberán ser formalizadas nos prazos na licenza ou no seu defecto na normativa aplicable e, tamén, acadar da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio o persoamento no Concello antes do 4 de abril para formalizar dita cesión.

83.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á corrección do acordo adoptado na sesión de 25.11.13, de recoñecemento ao persoal do dereito a percibir a parte proporcional da paga extra do período entre o 1 de xuño ao 14 de xullo de 2012.

Con esta proposta a XGL aprobou por un lado, correccións do pago dalgunhas cuantías que non se axustaban ao que lle correspondían a algúns traballadores e, por outro, aprobar o pago da parte proporcional da paga extra a persoas que xa non son traballadores do Concello pero que lles corresponde ditto cobro xa que figuraban de alta no período devengado.

84.- Dar conta da sinatura do acordo de colaboración coa Cruz Vermella de Santiago de Compostela.

Deuse conta á XGL da sinatura do acordo de colaboración coa Cruz Vermella de Santiago de Compostela mediante o cal a Cruz Vermella promove a actividade de Mediación Social con menores na súa sede de Santiago de Compostela. Con este convenio as persoas interesadas en colaborar poderán participar na actividade de Mediación social nas diferentes zonas do Concello.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación das bases do VII Premio Internacional para Álbumes Ilustrados.

2.-Solicitud dunha subvención á Xunta de Galicia para o programa LER CONTA MOITO 2014.

3.-Solicitud dunha subvención á Xunta de Galicia para habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais dos polígonos do Tambre, Boisaca e Costa Vella.